

**ANEXO XIX****Criterios de valoración do número 4.1 do concurso de traslados****4.1. Publicacións: ata 5 puntos.**

Por publicacións de carácter didáctico e científico sobre disciplinas obxecto do concurso ou directamente relacionadas con aspectos xerais do currículo ou coa organización escolar.

Aquelas publicacións que, estando obrigadas a consignar o ISBN en virtude do disposto polo Decreto 2984/1972, do 2 de novembro, modificado polo Real decreto 2063/2008, do 12 de decembro ou, se é o caso, ISSN ou ISMN, carezan deles, non serán valoradas, así como aquelas que o autor sexa o seu editor.



Non se baremarán publicacións que constitúan programacións didácticas, temarios de oposicións, traballo de materias de carreira, mestrado ou doutoramento, edicións de centros docentes e de formación do profesorado, publicacións de prensa nin artigos de opinión.

Con carácter xeral, valóranse exemplares publicados por unha empresa editorial ou organismos de prestixio que aseguren a aplicación de filtros de calidade.

Unha publicación só será valorada nunha das súas edicións.

Puntuación específica que se asignará aos méritos baremables por esta epígrafe:

Recensións e colaboracións en revistas, libros, etc, así como a impresión de folletos, programas, etc:	
1 autor ou colaborador.....	0,025
2 autores ou colaboradores.....	0,0125
Máis de 2 autores ou colaboradores.....	0,00625
Tradución dunha revista:	
Autor.....	0,1
2 autores.....	0,05
Máis de 2 autores.....	0,025
Tradución ou ilustración dun libro	
1 tradutor ou ilustrador.....	0,5
2 tradutores ou ilustradores.....	0,25
3 tradutores ou ilustradores.....	0,166
4 tradutores ou ilustradores.....	0,125
5 tradutores ou ilustradores.....	0,1
Máis de 5 de tradutores.....	0,05
Revistas nos seus distintos formatos (papel ou electrónico):	
Autor.....	0,2
2 autores.....	0,1
3 ou mais autores.....	0,05
Libros nos seus distintos formatos (papel ou electrónico):	
Autor.....	1
2 autores.....	0,5
3 autores.....	0,4
4 autores.....	0,3
5 autores.....	0,2
Máis de 5 autores.....	0,1

Para a valoración destas publicacións deberanse presentar os documentos xustificativos coas exigencias que así se indican a continuación:

– No caso de libros, a seguinte documentación:

- Os exemplares correspondentes ou copia simple completa do exemplar que deberá incluír a autoría, o depósito legal, o ISBN, a editorial e o índice.



• Certificado da editorial onde conste: título do libro, autor/es, ISBN, depósito legal e data da primeira edición, o número de exemplares e que a difusión destes foi en librarías comerciais.

En relación cos libros editados por administracións públicas e universidades (públicas-privadas) que non se difundiron en librarías comerciais, ademais dos datos anteriores, no certificado debe constar o título do libro, autor/es, data da primeira edición, o número de exemplares, os centros de difusión (centros educativos, centros de profesores, institucións culturais, etc.).

Nos supostos en que a editorial ou asociación desaparecesen, os datos requiridos neste certificado deberán xustificarse por calquera medio de proba admisible en dereito.

– No caso de revistas, a seguinte documentación:

• Os exemplares correspondentes ou copia simple completa do artigo que deberá incluír a autoría, o depósito legal, o ISSN ou ISMN, a editorial e o índice.

• Certificado en que conste: o número de exemplares, lugares de distribución e venda, ou asociación científica ou didáctica, legalmente constituída, a que pertence a revista, título da publicación, autor/es, ISSN ou ISMN, depósito legal e data de edición.

En relación coas revistas editadas por administracións públicas e universidades (públicas-privadas), que non se difundiron en establecementos comerciais, ademais dos datos anteriores, no certificado debe constar os centros de difusión (centros educativos, centros de profesores, institucións culturais, etc.).

– No caso de documentos en formato electrónico, para seren valorados a copia deberá ir acompañada dun informe no cal o organismo emisor certifique en que base de datos bibliográfica aparece a publicación. Neste documento indicárase ademais, os seguintes datos: o título da publicación, autor/es e data da publicación.

